



MR110250

Lugo, 18 de febreiro de 2010
Carronzo SC
Av/ Magoi, 64, 4º E
27002 Lugo

Asunto: Resolución de renovación de parada de sementais

FEITOS

1. CARRONZO SC figura no rexistro de explotacións equinas como titular da parada de sementais identificada co código LU0001 e con data de alta desde o 29 de maio do 2009 (REGA ES270140136901).
2. O 1 de decembro de 2010 o interesado remitiu o libro de rexistro de cubricións debidamente cuberto correspondente a tempada e con data 27/01/2011 a solicitude de renovación da autorización de parada de sementais equinos por parte de CARRONZO SC.
3. O interesado achegou a documentación requerida dacordo co establecido no Decreto 268/2008 do 13 de novembro, polo que se establece e regula o rexistro das paradas de sementais.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

1. Segundo os artigo 10 do Decreto 268/2008 do 13 de novembro créase o Rexistrio Galego de Explotacións Equinas (RGEE), integrado no Rexistrio Xeral de explotacións Gandeiras (REGA), no cal figurarán inscritas a totalidade das explotacións de équidos da Comunidade Autónoma de Galicia, e os órganos competentes para levalo son as xefaturas territoriais da consellería competente en materia de sanidade e produción animal.
2. O artigo 24 do decreto 268/2008, do 13 de novembro establece os requisitos de renovación das paradas.
3. O artigo 89 da Lei 30/1992, de 26 de maio do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, establece que a resolución que poña fin o procedemento decidirá todas as cuestións plantexadas polos interesados e aquellas outras derivadas do mesmo.

Vistas a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 14 de xaneiro e o Decreto 268/2008, do 13 de novembro, esta xefatura territorial é competente para dictar resolución de conformidade co artigo 4.3 do Decreto 5/1987, de 14 de xaneiro (DOG de 23 de xaneiro) e o artigo 2.6 do Decreto 115/1987, de 14 de maio.

Polo exposto e vista a documentación obrante e as disposicións reseñadas, esta xefatura territorial
RESOLVE conceder autorización de renovación da parada equina inscrita no rexistro de explotacións equinas, cos seguintes datos:

DATOS DO TITULAR DA EXPLOTACIÓN		
Nome e apelidos: Carronzo SC	CIF/NIF: J27341056	
Enderezo: Av Magoi, 64 – 4º E	CP: 27002	Concello: Lugo

DATOS DA PARADA EQUINA		
Enderezo: Finca O Abeledo – Laxes - 27163, O Corgo - Lugo		
Tipo de explotación: Parada de sementais		
Código de parada: LU0001 - Código Rega: ES270140136901		
Clasificación (D.268/2008): Explotación equina especial – Centro de concentración de équidos – Centro de testaxe e/o selección e reproducción		

DATOS DOS SEMENTAIS				
	NOME	TRASPONDEDOR	NPU	RAZA
1	MAZ ALMADEN	1F1E060538	190201004204980	PRÁ
2	QUASAR DE LA N.E	250259801371691	DE431312515105	PRÁ
3	SERVETEQ BUNDY	982120022276677	25000104316384C	HANNOVERIANO
4	NIKO FAN DULVE	528210000515864	528004200404631	FRISON

Esta explotación queda suxeita ó disposto nas disposicións vixentes en materia de ordenación zootécnica e sanitaria das explotacións equinas e ás seguintes condicións:

- A renovación da autorización de parada de sementais equinos presentarase segundo modelo oficial establecido antes do 31 de xaneiro do ano correspondente á campaña de cubrición, na xefatura territorial da Consellería de Medio Rural que corresponda.
- A clasificación e rexistro únicamente é válida para o peticionario, ampara á explotación na súa situación actual tal como figura no expediente e non exime da obriga de obter as demais autorizacións e permisos que poidan esxiirse.
- Calquera modificación (ampliación, traslado, cambio de titularidade, cambio de clasificación, etc.) requirirá a previa autorización ou notificación se é o caso.

Contra a presente resolución, poderá interpoñer recurso de alzada perante o Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia no prazo dun mes, contado a partir da recepción da presente notificación, ben directamente, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

O xefe territorial




Asdo: Ramón Carballo Páez
LUGO